# ERASMUS INCOMING - Programas de mobilidade internacional

# Estadías na USC

Este cuestionario está dirixido a estudantes que participaron nun programa de mobilidade internacional e realizaron unha estadía formativa na USC.

Os datos obtidos nesta enquisa serán anónimos e serán tratados pola Universidade de Santiago (USC) con finalidades docentes, discentes ou de investigación, polo que non se tratarán datos de carácter persoal. Para calquera consulta en materia de protección de datos poderá dirixirse á Universidade de Santiago de Compostela, cuxos datos de contacto son Praza do Obradoiro s/n, 15782, Santiago de Compostela, correo-e: protecciondatos@usc.gal. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento oposición e portabilidade a través da Sede electrónica en https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm. Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que considere oportuna. Pode consultar a política de privacidade e de protección de datos da USC en https://www.usc.gal/gl/normativa/protecciondatos/index.html

Moitas grazas pola túa colaboración!

1. Que tipo de titulación estás estudando na túa universidade de orixe?

Se estás a estudar máis dun título ao mesmo tempo, por favor, completa o cuestionario para o principal (o que che permitiu participar no programa de mobilidade) e responde en relación a ese título ao longo de todo o cuestionario.

- ◯ Grao ou equivalente (ata 4 anos)
- ◯ Máster ou equivalente (máis 1 a 2 anos despois do grado)
- ◯ Doutoramento

2. Indica o nome do título

3. Indica o nome da túa universidade de orixe

4. Indica o nome da cidade e do país onde se atopa

5. No marco de que programa de mobilidade realizaches a estadía?

- ◯ Erasmus
- ◯ Convenio específico para estadías de formación de doutoramento e investigación
- ◯ Programas ou convenios internacionais (distintos do Erasmus)
- ◯ Outros

6. Cando tempo durou a túa estadía na USC?

- ◯ O primeiro semestre
- ◯ O segundo semestre
- ◯ Todo o ano

7. Na lista dos seguintes factores, avalía o influxo que cada un tivo na túa decisión de participar nun programa de mobilidade

(Nunha escala de 1 a 5, sendo "1"= ningún influxo e "5" = moito influxo)

| | 1 | 2 | 3 |
|---|---|---|---|
| Factores académicos (Plan de estudos, prestixio da universidade): | ◯ | ◯ | ◯ |
| Factores xeográficos (A cidade, o clima): | ◯ | ◯ | ◯ |
| Factores culturais (O país, o idioma): | ◯ | ◯ | ◯ |
| Ter unha experiencia internacional | ◯ | ◯ | ◯ |
| Ser independente | ◯ | ◯ | ◯ |
| As amizades/a familia | ◯ | ◯ | ◯ |
| Recomendación dos/as docentes/coordinadores/as da miña universidade | ◯ | ◯ | ◯ |

8. En que medida foron decisivas as seguintes fontes de información para tomar a decisión de estudar na USC?

(Nunha escala de 1 a 5, sendo “1”= nada e “5” = totalmente)

| | 1 | 2 | 3 |
|---|---|---|---|
| A información e asesoramento proporcionados pola Oficina de Relacións Exteriores da miña universidade | ◯ | ◯ | ◯ |
| Información recibida a través do/a Coordinador/a da miña universidade | ◯ | ◯ | ◯ |
| A información á que accedín polos meus propios medios a través da páxina web da universidade de destino | ◯ | ◯ | ◯ |
| O influxo doutros/as compañeiros/as que me contaron a súa experiencia na universidade de destino | ◯ | ◯ | ◯ |
| A través de feiras ou outros eventos para estudantes | ◯ | ◯ | ◯ |

9. Consideras que algún destes factores entorpeceu a túa decisión para participar nun programa de mobilidade?

(Nunha escala de 1 a 5, sendo "1"= non é obstáculo e "5" = gran obstáculo

| | 1 | 2 | 3 |
|---|---|---|---|
| Obstáculos lingüísticos ou culturais | ◯ | ◯ | ◯ |
| Obstáculos económicos (supón un custo elevado) | ◯ | ◯ | ◯ |
| Perda de oportunidades para gañar cartos, perda de emprego | ◯ | ◯ | ◯ |
| Separación da familia, dos/as/amigos/as | ◯ | ◯ | ◯ |
| Medo, inseguridade fronte ao descoñecido e a soidade | ◯ | ◯ | ◯ |
| Acceso limitado a programas de mobilidade na miña universidade | ◯ | ◯ | ◯ |

10. En relación co coñecemento doutras linguas distintas da túa lingua materna, avalía o nivel no que consideras que te atopabas un mes antes da túa chegada a Santiago de Compostela:

(Nunha escala de 1 a 5, sendo "1"= moi deficiente e "5" = moi bo

| | 1 | 2 | 3 |
|---|---|---|---|
| O teu nivel de galego | ◯ | ◯ | ◯ |
| O teu nivel de español | ◯ | ◯ | ◯ |
| O teu nivel de inglés | ◯ | ◯ | ◯ |

11. E unha vez finalizada a estadía, como consideras que é agora o teu nivel de coñecemento desas linguas?

(Nunha escala de 1 a 5, sendo "1"= moi deficiente e "5" = moi bo

| | 1 | 2 | 3 |
|---|---|---|---|
| O teu nivel de galego | ◯ | ◯ | ◯ |
| O teu nivel de español | ◯ | ◯ | ◯ |
| O teu nivel de inglés | ◯ | ◯ | ◯ |

## A acollida na USC

12. Valora o teu grao de satisfacción co traballo realizado na universidade de destino

(Nunha escala de 1 a 5, sendo "1"= moi insatisfeito e "5" = moi satisfeito)

| | 1 | 2 | 3 |
|---|---|---|---|
| A Oficina de Mobilidade (contactos iniciais, aceptación de candidatura, información, asesoramento) | ○ | ○ | ○ |
| O/A coordinador/a da USC (contrato académico, orientación na selección de materias, información etc.) | ○ | ○ | ○ |
| SÓ no caso de contactar con el/ela: O/A Responsable Académico/a de Mobilidade da Facultade de Filoloxía (RAM, Decanato de Filoloxía) | ○ | ○ | ○ |

13. Como de satisfeito te sentes co apoio recibido na USC?

(Nunha escala de 1 a 5, sendo "1"= moi insatisfeito e "5" = moi satisfeito)

| 1 | 2 | 3 |
|---|---|---|
| ○ | ○ | ○ |

14. Atopaches algunha dificultade nos seguintes aspectos?

(Nunha escala de 1 a 5, sendo "1"= moitas e "5" = ningunha

| | 1 | 2 | 3 |
|---|---|---|---|
| Metodoloxía do ensino | ◯ | ◯ | ◯ |
| Sistema de avaliación | ◯ | ◯ | ◯ |
| Atopar información sobre os estudos (programas, horarios, profesorado, titorías...) a través da páxina web da USC | ◯ | ◯ | ◯ |
| Aloxamento | ◯ | ◯ | ◯ |
| Transporte público | ◯ | ◯ | ◯ |
| Prezos | ◯ | ◯ | ◯ |
| Vida social, cultural e deportiva na cidade | ◯ | ◯ | ◯ |
| Dificultade para facer amizades | ◯ | ◯ | ◯ |

## Agora pedímosche que valores a acollida que recibiches na nosa universidade

15. Á túa chegada a esta universidade, ofrecéronche

(Pode haber varias opcións)

- [ ] Un acto de benvida
- [ ] Un curso de lingua
- [ ] Outros

16. Durante a túa estadía na institución, organizáronse outros eventos especiais para estudantes de programas de mobilidade?

- ◯ Si
- ◯ Non

17. Se se organizaron, indica, por favor, cales?

18. Quixéramos coñecer a túa opinión sobre algúns dos servizos e actividades que organiza a USC para os/as estudantes. Indica, só no caso de que os utilizaras, a satisfacción co servizo.

(Nunha escala de 1 a 5, sendo "1"= moi insatisfactorio e "5" = moi satisfactorio)

| | 1 | 2 | 3 |
|---|---|---|---|
| Servizos de aloxamento | ○ | ○ | ○ |
| Servizos de bibliotecas | ○ | ○ | ○ |
| Servizos informáticos | ○ | ○ | ○ |
| Servizos deportivos | ○ | ○ | ○ |
| Servizos culturais e de lecer | ○ | ○ | ○ |
| Servizos médicos | ○ | ○ | ○ |
| Servizos de atención ao estudante de fóra | ○ | ○ | ○ |
| Servizos de promoción do asociacionismo | ○ | ○ | ○ |
| Servizos de restauración e cafetaría | ○ | ○ | ○ |
| Servizo de reprografía | ○ | ○ | ○ |

19. Como consideras o teu nivel de integración cos/coas estudantes da universidade de destino?

(Nunha escala de 1 a 5, sendo "1"= pouco amigables e sen apoio e "5" = moi amigables e con apoio)

| 1 | 2 | 3 |
|---|---|---|
| ○ | ○ | ○ |

20. Sentícheste só/soa de maneira relevante durante a estadía?

(Nunha escala de 1 a 5, sendo "1"= moito e "5" = nada

| 1 | 2 | 3 |
|---|---|---|
| ○ | ○ | ○ |

21. Con que persoas fixeches núcleos fundamentais de convivencia na universidade e país de acollida?

(Pode haber varias opcións)

- [ ] Persoas da mesma idade
- [ ] Persoas de distinta idade
- [ ] Persoas do mesmo xénero
- [ ] Persoas de distinto xénero
- [ ] Persoas do mesmo país ca o meu
- [ ] Persoas doutros países distintos ao meu
- [ ] Persoas de Galicia

## Recursos

22. En canto aos recursos, ata que punto contribuíu cada unha das seguintes fontes de ingresos e financiamento a pagar os teus estudos na universidade de destino?

(Pode haber varias opcións)

| | 1 | 2 | 3 |
|---|---|---|---|
| Os ingresos dos meus pais | ◯ | ◯ | ◯ |
| Os ingresos da miña parella ou outro familiar | ◯ | ◯ | ◯ |
| A dotación dunha bolsa | ◯ | ◯ | ◯ |
| Aforros, ingresos por un traballo | ◯ | ◯ | ◯ |
| Outros | ◯ | ◯ | ◯ |

23. A canto ascenderon os teus gastos mensualmente durante a estadía?

O valor debe ser un número.

## Condicións de vida na cidade de destino

24. Onde residiches durante a túa estadía nesta cidade?

- ◯ Residencia universitaria
- ◯ Piso ou casa eu só/soa
- ◯ Piso ou casa compartida con outros/as estudantes
- ◯ Convivencia cunha familia
- ◯ Outros

25. Como atopaches o teu aloxamento?

- ◯ Coa axuda do Servizo de Relacións Exteriores
- ◯ Coa axuda de amigos/as ou familiares
- ◯ Oferta privada (axencias inmobiliarias, etc.)
- ◯ Outros

26. Era este o tipo de aloxamento que desexabas?

- ◯ Si
- ◯ Non

27. Se non era este o tipo de aloxamento que desexabas, cal foi o motivo que te levou a escoller este?

| |
|---|
| |

Avaliación da experiencia universitaria na Facultade de Filoloxía

28. Accesibilidade do profesorado da Facultade de Filoloxía
(Nunha escala de 1 a 5, sendo "1"= inaccesible e "5" = moi accesible)

| 1 | 2 | 3 |
|---|---|---|
| ◯ | ◯ | ◯ |

29. Competencias do profesorado (Facultade de Filoloxía)
(Nunha escala de 1 a 5, sendo "1"= incompetente e "5" = moi competente)

| 1 | 2 | 3 |
|---|---|---|
| ◯ | ◯ | ◯ |

30. Indica o grao de satisfacción co/coa teu/túa Coordinador/a na Facultade de Filoloxía
(Nunha escala de 1 a 5, sendo "1"= moi baixo e "5" = moi alto)

| Opción 1 | Opción 2 | Opción 3 |
|---|---|---|
| ◯ | ◯ | ◯ |

31. SÓ NO CASO DE CONTACTAR CO/COA RESPONSABLE ACADÉMICA DE MOBILIDADE (RAM - Decanato da Facultade de Filoloxía), indica o grao de satisfacción co apoio recibido.
(Nunha escala de 1 a 5, sendo "1"= moi baixo e "5" = moi alto)

| 1 | 2 | 3 |
|---|---|---|
| ◯ | ◯ | ◯ |

32. Infraestruturas en xeral da Facultade de Filoloxía:

| | 1 | 2 | 3 |
|---|---|---|---|
| Equipamento das aulas | ◯ | ◯ | ◯ |
| Acceso e asesoramento na Biblioteca da Facultade de Filoloxía | ◯ | ◯ | ◯ |
| Información recibida no Decanato da Facultade de Filoloxía | ◯ | ◯ | ◯ |
| Información recibida pola recepción/conserxería da Facultade de Filoloxía | ◯ | ◯ | ◯ |
| Servizo de reprografía | ◯ | ◯ | ◯ |
| Servizo de cafetaría | ◯ | ◯ | ◯ |

33. Sentícheste parte da comunidade universitaria da Facultade de Filoloxía e da Universidade de Santiago de Compostela

◯ Si

◯ Non

## Actividades académicas

34. En que medida cres que a túa universidade de orixe destaca as seguintes actividades?
(Nunha escala de 1 a 5, sendo "1"= nada e "5" = moito)

| | 1 | 2 | 3 |
|---|---|---|---|
| Orientación práctica e aplicación a problemas | ◯ | ◯ | ◯ |
| Pensamento autónomo e aprendizaxe por conta propia | ◯ | ◯ | ◯ |
| Saber redactar un texto e saber expoñer en público | ◯ | ◯ | ◯ |
| Realización de traballos en grupo | ◯ | ◯ | ◯ |
| Actividades de avaliación continua | ◯ | ◯ | ◯ |

35. En que medida cres que a túa universidade de destino destaca as seguintes actividades?
(Nunha escala de 1 a 5, sendo "1"= nada e "5" = moito)

| | 1 | 2 | 3 |
|---|---|---|---|
| Orientación práctica e aplicación a problemas | ◯ | ◯ | ◯ |
| Pensamento autónomo e aprendizaxe por conta propia | ◯ | ◯ | ◯ |
| Saber redactar un texto e saber expoñer en público | ◯ | ◯ | ◯ |
| Realización de traballos en grupo | ◯ | ◯ | ◯ |
| Actividades de avaliación continua | ◯ | ◯ | ◯ |

## Avaliación global

36. En que medida che permitiu a estadía cumprir as túas expectativas en relación a...?
(Nunha escala de 1 a 5, sendo "1"= nada e "5" = totalmente

| | 1 | 2 | 3 |
|---|---|---|---|
| Desenvolvemento e autonomía persoal | ◯ | ◯ | ◯ |
| Mellora do idioma | ◯ | ◯ | ◯ |
| Coñecemento doutras culturas | ◯ | ◯ | ◯ |
| Formación académica | ◯ | ◯ | ◯ |
| Mellora de perspectivas de emprego | ◯ | ◯ | ◯ |
| Integración e amizade con persoas do país | ◯ | ◯ | ◯ |
| Experiencia internacional | ◯ | ◯ | ◯ |

37. Cal é o sentimento predominante que agora tes en relación coa túa experiencia na universidade de destino?

◯ Decepcionante

◯ Satisfactorio

◯ Moi satisfactorio

38. Grazas á túa experiencia académica noutra universidade, estás máis disposto á mobilidade no teu futuro profesional?

| | Si |
|---|---|
| Traballar noutra cidade dentro do meu país | ◯ |
| Traballar noutro país | ◯ |

39. Que lembranzas tes como as máis positivas da túa estadía?

40. E, se as houbo, cales foron as máis negativas?

41. Que aspectos da cultura do país de destino lembras con máis intensidade?

42. Que aspectos ou accións cres que poderían ter mellorado a túa experiencia de mobilidade?
(Nunha escala de 1 a 5, sendo "1"= nada e "5" = moito

| | 1 | 2 | 3 |
|---|---|---|---|
| Unha maior oferta de destinos | ○ | ○ | ○ |
| Mellorar a formación previa en linguas | ○ | ○ | ○ |
| Mellorar a contía das axudas económicas | ○ | ○ | ○ |
| Mellorar a oferta de aloxamento | ○ | ○ | ○ |
| Mellorar a información previa | ○ | ○ | ○ |
| Outros | ○ | ○ | ○ |

43. Recomendarías a experiencia a outros/as compañeiros/as?

○ Si

○ Non

44. Pola túa experiencia, cales son os principais puntos fortes dos programas de mobilidade internacional?

45. Pola túa experiencia, cales son os principais puntos débiles dos programas de mobilidade internacional?

46. Que outras melloras incorporarías aos programas de mobilidade internacional?

47. Que melloras incorporarías a como se están facendo as cousas por parte da Universidade de Santiago de Compostela cos/coas estudantes que veñen de intercambio?

48. Outros comentarios, suxestións ou consellos (todo o que desexes comentar axudará a mellorar o servizo para os/as futuros/as estudantes)

49. Hai preguntas ou aspectos relevantes que non se abordan nesta enquisa? Indica, por favor, cales.

Microsoft nin creou nin recomendou este contido. Os datos que envíes remitiranse ao propietario do formulario.

Microsoft Forms